



**Bos días nenos e nenas!**

**Sabedes que se festexou este pasado domingo día 17 de maio?**

**Foi o día das Letras Galegas.**

Esta data conmemora a publicación do libro de Rosalía de Castro "Cantares Galegos" e lévase festexando dende 1963.

Cada ano, esta data, adícase a un autor o autor/a galego/a que coas súas obras ensalzan a nosa lingua, o galego.

Sabedes a quen se adica este ano?

**Pois a Ricardo Carvalho Calero**

Imos coñecelo...



Como sempre, os profes Víctor e Rosana

Dende a MATEFACTORÍA

Queremos ofrecervos un traballo

ameno e creativo.

**MOITO ÁNIMO!!!!**

## RICARDO CARVALHO CALERO

Ricardo Carvalho Calero naceu en Ferrol (A Coruña) o 30 de outubro de 1910.

Asistiu ao colexio, fixo o Bacharelato por libre e trasladouse a Compostela a estudar na universidade.

Foi un gran defensor do idioma galego e membro do Seminario de Estudos Galegos, onde coñeceu a autores Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas... Traballou en moitas revistas galegas: "A Nosa Terra", "Nós", "Galiza", "Papel de Color"... En 1965 incorporouse ao Instituto Rosalia de Castro de Santiago e convertiuse no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega. É autor de "Gramática elemental del gallego común" e de obras de teatro, poesía, novela e moitos estudos sobre lingua e literatura galega. Defendeu a postura de que a lingua galega é unha variante da lingua portuguesa.

Faleceu en Santiago de Compostela no ano 1990. Polo seu labor en defensa do idioma e cultura a Real Academia Galega adícalle o Día das Letras Galegas deste ano 2020.



Preguntas sobre a biografía de Ricardo Carvalho Calero:

1. Que estudou en Santiago de Compostela? \_\_\_\_\_
2. De que foi o primeiro catedrático galego? \_\_\_\_\_
3. Cantos anos viviu? \_\_\_\_\_
4. Busca na sopa de letras sete países que teñen o portugués como idioma:

X	C	A	B	O	V	E	R	D	E	B	N
M	O	Z	A	M	B	I	Q	U	E	Z	C
C	B	Z	N	G	T	I	M	O	R	Ñ	L
M	X	Ñ	G	B	V	D	N	H	F	M	Z
L	F	P	O	R	T	U	G	A	L	V	S
G	D	M	L	C	F	Ñ	X	H	L	N	D
X	B	R	A	S	I	L	B	V	G	Ñ	X
G	U	I	N	E	A	B	I	S	S	A	U



BRASIL MOZAMBIQUE ANGOLA PORTUGAL  
GUINEA BISSAU TIMOR CABO VERDE

5. No texto falan de Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo e Cuevillas, coñeces quenes eran?  
\_\_\_\_\_
6. Dende que morreu en 1990 ata o día que naciches, cantos anos pasaron? \_\_\_\_\_

7. Inventa as portadas das revistas "A Nosa Terra" e "Papel de Color", nas que colaborou Ricardo Carvalho Calero.

A Nosa Terra


Papel de Color



8. Este autor publicou en 1982 as súas obras teatrais "O Teatro Completo".


Cantos anos tiña cando as publicou?

A large dashed rectangular box intended for the student's answer.





9.- Resolve a encrucillada cos datos de Ricardo Carvalho Calero.



### HORIZONTAIS

- 1.- Apelidos do autor homenaxeado este ano no Día das Letras.
- 2.- Título dunha revista na que traballou.
- 3.- Nome da poetisa galega a quen lle dedicou o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega.

### VERTICAIS

- A.- Nome do pai.
- B.- Cidade onde naceu Ricardo.
- C.- Título da última novela publicada por Ricardo, en 1987.
- D.- Título doutra revista na que traballou Ricardo Carvalho.
- E.- Lingua da que, segundo Ricardo Carvalho, procede o idioma galego.

HORIZONTAIS: 1.- CARVALHO CALERO 2.- GUIÓN 3.- ROSALÍA  
VERTICAIS: A.- GABRIEL B.- FERROL C.- SCÖRPIO D.- GALIZA E.- PORTUGUÉS



## **Á BEIRA DO MAR** **RICARDO CARVALHO CALERO**



Acabaramos por pasar os veráns á beira do mar, nunha casa con horta, terraza e curro. Voltabamos todos os anos a esa casa. Non había luz eléctrica. Alumabámonos cun candil. Os meus irmáns e eu fixemos moitas amizades. Había moitos veraneantes nos arredores. Dabamos paseos marítimos nun bote. Eu aprendín a remar. Ao principio, as miñas mans de neno sufrían do contacto cos remos. Tamén faciamos excursións terra adentro. Por diante da nosa casa pasaban cantando moitos carros de bois, que os días de feira levaban a vender os seus donos.



Ricardo Carvalho cos seus pais.



Responde:

1. Onde pasaba o verán o protagonista?
2. Que actividades facía o protagonista no lugar onde veraneaba?

3. Que lle faltaba a casa?

4. Responde verdadeiro ou falso:

<input type="checkbox"/>	Pasaban o verán a carón da montaña.
<input type="checkbox"/>	Era a primeira vez que ían a aquela casa.
<input type="checkbox"/>	A luz custaba menos de 3 euros o mes.
<input type="checkbox"/>	Aprendeu a nadar ese verán.
<input type="checkbox"/>	Paseaban nun bote a motor.
<input type="checkbox"/>	Pasaron 60 días naquela casa nese verán.

6.- Nas largas noites de verán nas que contaban lendas de medo, usaban o candil e gastaban 4 velas en toda a noite. Si cada vela custa 50 céntimos. Canto invertían en velas nunha semana? E nun mes?


7. Os días de feira eran os martes e os venres, de todas as semanas do verán, ademais de que o ultimo sábado de cada mes tamén había feira. Cantos días houbo feira en todo o verán?

8. Localiza na sopa de letras o nome das embarcacións galegas que figuran no recadro.

DORNA GAMELA BOTE BUCETA RACÚ CHALANA BARCA  
CAROCHO LANCHA TRAIÑEIRA TRINCADO BALANDRO


D	O	R	N	A	B	U	C	E	T	A	Z	V
X	G	C	C	H	A	L	A	N	A	C	N	X
B	A	R	C	A	C	B	R	L	X	V	M	B
N	M	A	V	X	N	B	O	T	E	C	Z	H
B	E	C	T	R	I	N	C	A	D	O	X	Ñ
X	L	U	L	A	N	C	H	A	N	M	Ñ	L
B	A	L	A	N	D	R	O	Z	X	N	H	B
Z	V	C	X	T	R	A	I	Ñ	E	I	R	A

9. Observa o recibo da electricidade e completa:



**Compañía Eléctrica Galega**

Compañía Eléctrica Galega A-65.009.876  
Avda. Ricardo Carvalho Calero, 2020 15402 Ferrol



**Datos da factura de electricidade**

**IMPORTE FACTURA:** 44,73 euros  
Nº factura: FE19675000547687

**Período de consumo**  
1 de abril de 2020 a 1 de maio de 2020  
**Data de cargo/ Data límite de pago**  
17 de maio de 2020





Factura resumo	
Por potencia contratada	12,06 euros
Por enerxía consumida	22,32 euros
Imposto electricidade	1,76 euros
Aluguer equipos medida	0,83 euros
Imposto aplicado	7,76 euros
<b>TOTAL IMPORTE FACTURA: 44,73 euros</b>	

**FABEIRO MOURIÑO, ALBERTE XOSÉ**  
Rúa San Francisco, s/n  
FERROL VELLO  
15401 FERROL  
A CORUÑA

- Cal é o nome da compañía eléctrica?
- Cal é o número de factura?
- Cantos euros se pagaron pola enerxía consumida?

- Cal é a data de cargo/data límite de pago?
- En que provincia vive o propietario?
- Descompón en números enteiros e decimais o resumo da factura e o seu cargo total.
- Comproba coa axuda dunha calculadora que o total da factura é correcta. Si non tes calculadora recorda que 100 céntimos é 1€.

10.- O eixo de simetría divide un obxecto, persoa ou animal en dous metades igual. Rodea os obxectos que poden ser simétricos e debuxa o seu eixo de simetría como no exemplo.



Por último, busca un obxecto que teñas pola casa e debúxao marcando o seu eixo de simetría.



**REMATAMOS!!!!**

**ESPERAMOS COMA SEMPRE QUE O PASARADES**

**BEN COAS NOSAS PROPOSTAS.**

**SE QUERES TRABALLAR SOBRE ALGÚN TEMA QUE  
CHE GUSTE, PODES DICIRNOLO, E  
ORGANIZAMOS ALGUNHA ACTIVIDADE**



**BICOS A MONTES E MOREAS!!!**

**ROSANA E VICTOR DENDE A MATEFACTORÍA**